




COSTA DE SANTA MARIÑA A CAMELLE

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2020



Distancia: 8 km, 10 se imos ata Sabadelle (lineal)

Dificultade: media

Unha camiñada polo cerne da Costa da Morte, no concello de Camariñas, que está protexida, en parte, no LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte". Un litoral que acolle importantes áreas de interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico.



As laxiña e a Punta Batedora, en Santa Mariña

PERCORRIDO

Día claro, mar de fondo, grandes ondas que escachan desde lonxe, vento lixeiro en contra que lles ergue e despeitea as cristas nas que as pingas que voan reflicten a luz do sol nas cores do arco da vella... e camiño por diante para horas... Comezamos no **porto de Santa Mariña** ao abrigo do **cabo Veo** e a **punta do Capelo**; un punto no que contrastan as augas calmas ao abrigo do peirao e o bater das ondas nas rochas vermellas, puídas e húmidas que brillan ao sol do inverno. Pasada a punta do Capelo entramos na **enseada das Cabanas** cun fondo de augas tranquilas e coído, por el collemos o camiño dos Faros e comezamos a gañar altura cara á **Pedra do Sal**. Ao dobrar a punta abránguese máis espazo e medra o número de seos con coídos e puntas que resisten, e o número de puntos nos que as ondas baten para desfacerse en moreas de espuma. Baixamos cara ao **seo dos Boliños** e imos mudando o punto de vista sobre a **Ínsua das Insuelas** e a súa contorna, e descubrimos formas creadas pola erosión nas rochas. Por diante do seo temos outra subida para superar unha nova punta, a do **Cabalo**, e descubrir detrás o **seo do Pelouro** -varios coídos e, mar adentro, os illotes da **Ínsua** e da **Negra**- antes de baixar á **punta Xunqueira**, detrás da que se acolle o primeiro areal do percorrido e un dos abrigos das embarcacións da xente de Arou, a **area das Lobeiras**. A **punta das Lobeiras** que se atopa a continuación, é un obstáculo difícil e o camiño apártase do mar para subir a un miradoiro desde o que temos unhas fermosas panorámicas de parte do camiño percorrido e de parte do que nos queda por diante, o seo que acolle **Arou**, entre a punta das Lobeiras e a punta Percebeira. Do miradoiro volvemos á beira do mar, pola **Cercada**, á **enseada de Xan Ferreiro** cos seus coídos, o **petón da Furaqueira**, e a **praia da Braña do Lazo**, onde desauga o **rego do Lazo**, para chegar a outro miradoiro que hai na entrada da localidade. Desde este miradoiro arranca un paseo acondicionado que percorre a fachada litoral de Arou, no remate do paseo podemos seguir pola beira pasando pola **punta do Curro**, na que hai un pequeno abrigo e un coído, e, por un carreiro, saímos ao pé do espigón que garda o **porto de Arou**, ou atallar indo ata a estrada que vai ao porto e a Camelle. Desde o porto de Arou hai que seguir pola estrada ata o alto onde, pasada a curva á dereita, xa podemos desviarnos cara ao mar, para achegarnos á **punta Percebeira**, que está unida a terra por un curto istmo formado por coios, e seguir polo **seo da Fontiña** e o **coído dos Xurelos** ata a **punta do Boi** para saír ao pé da **casa de Man** e do **peirao de Camelle**. En Camelle temos un longo tramo litoral acondicionado desde o porto ata o fondo da enseada onde se atopa a **praia**, mentras imos vendo, do outro lado da enseada, a **punta Falsa**, **O Portiño**,... -sitios polos que non poderemos pasar porque os camiños e as leiras, antes cultivadas e agora abandonadas, están atuídos por unha mesta matogueira- así que seguimos pola beira da estradiña que nos leva ao **coído de Sabadelle** no fondo da **enseada de Sabadelle**. Se queremos ver o que deixamos atrás podemos ir desde o coído, pola beira, ata o amplo **seo da Gandriña** que acolle un longo coído. No coído de Sabadelle desemboca o **rego de Sabadelle**, un rego que non se ve pero que se escoita correr por debaixo dos coios, que marca o límite entre os concellos de Camariñas e Vimianzo.



Santa Mariña, unha pequena localidade asentada nas abas do monte da Cruz. O seu porto está construído entre rochas vermellas nunha paraxe dunha beleza espectacular rodeada de formas traballadas polo mar e o vento.



Punta e peirao de Santa Mariña desde o alto do Monte Branco.



Punta do Capelo



Punta do Capelo (Santa Mariña)



Seo de Cabanas



Pedra do Sal



A Insuela. Os Boliños.



Punta do Cabalo



18-Punta Xunqueiras. Seo do Pelouro.



Praia das Lobeiras coa Ínsua e a Illa Negra



A Ínsua



Punta das Lobeiras



Seo de Xan Ferreiro



Petón da Furaqueira



Praia Braña de Lazo



Praia de Arou



Rego do Canabal



12-Arou. Vila mariñeira situada no fondo da enseada do mesmo nome, separado de Camelle polo contraforte rochoso da Punta Percebeira. No fondo da enseada conta con dúas pequenas praias, a de Arou e a de Braña do Lazo.



Punta do Curro



Praia da Lagoa
Illa do Cu cagado
Porto de Arou



Punta Percebeira



Punta do Boi.



Punta do Frade. Seo da Fontiña .



Coído de Xurelos



Peirao de Camelle



CAMELLE. Vila pesqueira instalada na enseada do mesmo nome, ao abrigo das puntas do Boi e A Falsa.




Praia e enseada de Camelle



Non se pode falar de Camelle sen falar de “Man”, Manfred Gnädinger, un alemán (Radolfzell, 1936) que se instalou nunha cabana entre as rochas e realizou numerosas esculturas con pedras e outros materiais recollidos das praias. Despois da súa morte, en 2002, coincidindo coa marea negra do Prestige, o seu legado queda como un atractivo máis desta costa. Desde 2018 está aberto en Camelle un Centro de Interpretación dedicado ao legado de Man.



O Portiño



Punta Atáin



Punta da Falsa



Punta e seo da Gandriña



Enseada de Sabadelle



Rego e coído de Sabadelle



Percebes (*Pollicipes cornucopia*), o marisco máis representativo da Costa da Morte e un dos recursos máis importantes.



Herba de namorar cunha típica forma compacta e redondeada para adaptarse ás duras condicións dos cantís.

